




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Boiro, ao oeste, e Rianxo, ao leste.
Parroquias: San Vicenso de Cespón ao suroeste, San Pedro de Boalo, ao norte, e San Xoán de Macenda, nunha pequena franxa do norte de Boiro; San Salvador de Taragoña, en Rianxo.
Extensión: 12,24km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Profundo entrante costeiro de orixe tectónica, xa que está marcado por unha liña de falla NO.-SE. A intrusión do mar na chaira costeira e a conxunción dos procesos deposicionais fluviais e mariños, deu lugar á formación dun estuario caracterizado pola existencia de amplos bancos de area intermareais e marismas. O relevo desta zona caracterízase por presentar unha conca semicircular sobre a que se distribúen en abano os numerosos arrosos que verten ao estuario, preferentemente seguindo as liñas de fractura NE.-SO. Cara aos bordos da unidade, nos contactos entre a chaira costeira e as ladeiras das montañas da Serra do Barbanza, obsérvanse as maiores pendentes da zona, con valores que roldan o 20 %.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominan os xistos e paragneises Precámbrico-cámbricos do "Complexo de Noia", que presentan áreas con porfiroblastos de plaxioclasa. No N., nas ladeiras do macizo do pico Xallas do Castelo, aparece granito tardihercínico de dous micas de gran medio a grosso con megacristais. No límite E. aparecen xistos e paragneises precámbrico-silúricos do Dominio Migmático e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe; ademais, na esquina NE., hai un pequeno sector de granitoide migmatítico nebulítico hercínico. No sector NO., o Complexo de Noia conta con: bandas internas de ortogneis biotítico blastomilonítico; numerosos pequenos enclaves de anfibolita; enclaves alongados de granito hercínico de dous micas (Tipo Barbanza); e diques de pegmatita. Xa no extremo NO. aparecen dúas bandas, de granodiorita hercínica precoz con megacristais e do granitoide migmatítico. O Cuaternario ten importantes depósitos intermareais, e depósitos aluviais nos vales dos ríos Beluso e Confurco, e Rego de Brea, na zona de San Roque.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido: temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. Os extremos occidental (Alto do Puzadoiro) e oriental (Castro Barbudo) son máis húmidos alcanzando máximos de 1600mm de precipitacións medias anuais (ambiente climático Cálido e Moi Húmido).

OS SOLOS

O estuario presenta chans sobre sedimentos cuaternarios, entre os que destacan, pola súa extensión, os relacionados con procesos de sedimentación fluvio-mariña: fluvisóis tiónicos e sálcos das marismas e o seu estadio anterior de sapropel. No interior do val dominan os chans profundos tipo cambisol eútrico sobre todo nas ladeiras próximas ás canles fluviais que discorren polo centro da unidade, xa que cara aos extremos occidental e oriental os desniveis máis acusados dan lugar a chans menos evolucionados e de pouco espesor, aptos para usos forestais principalmente, sendo máis abundantes os umbrisois dísticos e nas cabeceiras os regosois e leptosois líticos.


AS AUGAS

O Esteiro de Beluso sitúase nas Augas de Transición da Ría de Arousa (20476) recollendo as augas de numerosos cursos fluviais grazas á súa forma sinusoidal. Á área estuarina chegan, polo oeste, o río Grande, cos afluentes de Salgueiro, Brea, Lagares, Confurco, do Campo ou da Bouza, entre outros; polo norte, os ríos Lagoso e Beluso, tamén cos seus respectivos tributarios; mentres que polo leste do estuario, os arrosos presentan un menor desenvolvemento: a Canle da Matavela é o exemplo máis significativo.

O PATRIMONIO NATURAL

Fronte sedimentaria de estuario, que conta con extensións dos hábitats 1110 e 1140, de bancos areosos e/ou fangosos intermareais e submareais someros, ademais de pequenas marismas (grupo 13), no fondo, e menos nos laterais do fondo do estuario. A franxa máis costeira existente ao redor da fronte achega interesantes formacións de frondosas, principalmente ripícolas (91E0) que penetran cara ao interior polas principais arterias fluviais. Toman consistencia pola seu tamaño e intervención paisaxística visual os do Rego Maior e tributarios do mesmo como o Rego de Brea; o Rego de Beluso e o seu afluente, rego de Landeiras (principal formación), ou as partes máis costeiras dos arrosos da Ponte Beluso, A Burata e Cartomil. Cara atrás, a horizontalidade costeira fai que abunden as masas frondosas, parcialmente de recolonización por abandono de leiras agrarias, e parcialmente ripícolas pola hidromorfía invernal que presentan. Non é raro atopar estas masas en formación mixta con especies de repoboación forestal.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A profusa rede fluvial que verte ao estuario de Beluso desde as pendentes montañosas converte o val nun fértil parcelario apto para o cultivo agrícola e a implantación de invernadoiros. Aínda que, este uso alternase con masas de árbores salpicando a chaira costeira xunto a formacións considerables de vexetación ripícola. A masa de auga presente no estuario foi aproveitada para o desenvolvemento de naves vinculadas á industria do sector primario (serradoiros, uso agrícola, etc) e a explotación marisqueira nos seus fondos areosos. Outras naves relacionadas coa construción ou a automoción áchanse dispersas pola unidade. Destacar a presenza dun circuíto de motocρός no Monte Fieitoso ao leste da unidade. Destacan tamén algúns equipamentos de tipo educativo e deportivo.

MORFOLOXÍA

Os núcleos rurais máis concentrados son os de Beluso e Bealo. O resto dos asentamentos tradicionais presentan un carácter pouco concentrado, esta circunstancia viuse incrementada polos crecementsos recentes de tipo lineal ao longo das vías de comunicación que os unen, non chegando a xerar un núcleo compacto nin continuo. Diversidade na morfotopoxía edificatoria sen atender a un patrón determinado, aínda que a maioría son vivendas de tipo residencial compostas de baixo e planta. Abundan os invernadoiros e as naves industriais no bordo do estuario.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Densa rede viaria para o carácter rural que presenta a unidade debido a que se sitúa nunha comarca de gran tránsito rodado entre as poboacións do litoral, esta circunstancia queda contrastada coa presenza dunha vía de alta ocupación, a VRG 1.1 que atravesa a franxa costeira e salva, mediante unha ponte, o estuario de Beluso. A estrada AC-305 é a vía pola que tradicionalmente se servía poboación e segue sendo unha das vías principais. Outras estradas como a AC-1104, AC-1102, o CP-1103 e CP-1104 estruturan tanto polo litoral como polo interior ás distintas poboacións e asentamentos da unidade. A franxa litoral posúe numerosos accesos desde as vías principais á liña costeira que debuxa o estuario. Existe por último unha ampla rede de camiños rurais e pistas forestais que relacionan o parcelario agrícola e as montañas respectivamente.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Abundante patrimonio cultural: como exemplo de arquitectura relixiosa destacan a Igrexa parroquial de Bealo, as capelas de Ponte Beluso, de San Ramón e San Roque, as ermidas de Nosa Señora de Loreto en Vilaríño e a de Guadalupe en Sandrezo, numerosas cruces e cruceiros, a maior parte repartidos polo itinerario cristián do Vía Crucis de San Roque. As festas son en honra a San Román e celébrase unha romería relixiosa e outros eventos lúdico festivos durante unha semana a partir do 31 de agosto. Entre a arquitectura civil: casas tradicionais e hórreos, o conxunto arquitectónico do Pazo de Sandrezo e a ponte de Bealo. Tamén é abundante o patrimonio arqueolóxico en forma de petróglifos, sobre todo na ermida de San Ramón, mámoas e achados de castros como o de castro Barbudo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Unidade con marcado carácter rural polo seu profuso armazón agrícola de pequenas explotacións, con abundantes invernadoiros e naves destinadas a tal uso. A dispersión dos asentamentos e dos núcleos tradicionais mesturados incorpora certa desorde no modelo ocupacional do territorio pero o feito de que non cheguen a conformar ningún núcleo compacto outorga a ruralidade á paisaxe, que se ve incrementada co fondo montañoso. A súa ubicación estratéxica como área de paso obrigado para acceder ás diferentes poboacións costeiras da comarca, apoiada cunha densa rede viaria sitúa esta unidade como unha importante zona de tránsito dentro das poboacións da ría de Arousa.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O estuario de Beluso é o elemento fundamental e integrador da paisaxe. A intrusión do mar na chaira costeira marca unha conca visual na unidade permitindo as conexións do val e o fondo escénico montano co estuario de Beluso e o litoral. Esta paisaxe aplanada permite visuais abertas e amplas do conxunto, dotado da ruralidade que incorporan os usos predominantes, o tipo de asentamentos e a profundidade escénica que outorgan as ladeiras montañosas. Desde o punto de vista ecolóxico a unidade conta con extensións de bancos areosos e/ou fangosos intermareais e submareais someros, ademais de pequenas marismas no estuario. A franxa máis costeira existente ao redor da fronte achega interesantes formacións de frondosas, principalmente vexetación de ribeira que penetra cara ao interior polos principais cursos fluviais. O miradoiro de Castro Barbudo, que constitúe un punto de observación óptimo permitindo amplas panorámicas, está situado a máis de 300 metros sobre o nivel do mar, desde a chaira onde se sitúa pódese ver a ría de Arousa, a desembocadura do Ulla, a illa de Cortegada, Rianxo e Boiro. O numerosísimo patrimonio cultural e arqueolóxico repartido por toda a superficie achega maior interese ao conxunto.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



